



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

### ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O DÍA TRINTA DE SETEMBRO DE DOUS MIL DEZ.

NÚM. 09/2010

<u>SRES/RAS ASISTENTES</u>	
<p><b><u>ALCALDE-PRESIDENTE</u></b> D. José María García Rivera.</p> <p><b><u>CONCELLEIROS</u></b> D<sup>a</sup> Rosa Alonso Rodríguez. D. Pedro M. Fernández Marful. D. Ramón Sixto Legaspi. D<sup>a</sup> Ana A. Incera Ares. D. Xaime Cancio Rodríguez. D. José Luis Sánchez García. D. Pedro José Fernández Manín. D. José María Basanta Morán. D<sup>a</sup> Verísima Eiroa Couto. D. Xoán Carlos González Basanta. D. Balbino Fernández López. D<sup>a</sup>. María Xosefa Alonso Otero.</p> <p><b><u>INTERVENTOR</u></b> D. Luis Ramón Vázquez Parga.</p> <p><b><u>SECRETARIA</u></b> D. M<sup>a</sup> Carmen Seoane Bouzas.</p>	<p>No Salón de Plenos da Casa Consistorial de Foz, sendo as 20:40 horas do día trinta de setembro de 2010, baixo a presidencia de D. José María García Rivera, e asistido pola secretaria da Corporación, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Carmen Seoane Bouzas, que da fe do acto, e o interventor municipal D. Luis Ramón Vázquez Parga, se reúnen os Srs. Concelleiros relacionados, membros todos do Pleno, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión ordinaria prevista para o día de hoxe, e de acordo co seguinte orde do día.</p>

#### 1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES DE DATAS 29-07-2010 E 20-08-2010.

Pola Presidencia se pregunta aos membros presentes do Pleno se teñen que formular algunha observación ás actas das sesións celebradas o 29 de xullo de 2010 e que foi oportunamente distribuída coa convocatoria.

O portavoz do PP toma a palabra para facer unha corrección na acta de 29 de xullo de 2010, na páxina 17, no segundo rogo, xa que non se concretaba o nome do campo de fútbol, de maneira que onde di "2) Que se roce o camiño que está ao lado do campo de fútbol e a ver se se poden suprimir os sumidoiros que están alí" debe dicir "2) Que se roce o camiño que vai ao antigo campo de fútbol de Fazouro e a ver se se poden suprimir os sumidoiros que están alí".

Non habendo mais intervencións, quedan aprobadas por unanimidade dos membros presentes as actas da citada sesión, ordenando a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto polo artigo 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

#### 2.- CONTA XERAL EXERCICIO 2009.

Dáse conta da proposta de Alcaldía de data 16 de agosto de 2010, unha vez seguidos os trámites establecidos legalmente para a aprobación da conta xeral.



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Toma a palabra o portavoz do PP para expresar que a Conta Xeral é un mecanismo de control ao goberno e mirando a evolución do Concello de Foz nos últimos anos se da un aforro neto de 208.294,94 €, que representa o 3,27 %, pero se ve que o aforro neto é inferior ao de 2008 e xa nese ano o PP votou en contra, e tampouco está recollido o recoñecemento extraxudicial e o remanente cada vez é mais pequeno e cada vez se aforra menos. Continúa dicindo que nas contas deberíase facer polo goberno un remanente, tendo en conta o contencioso que se interpuxo pola Xunta de Galicia no ano 2006. Conclúe sinalando que o voto do seu grupo non pode ser favorable, pero se van a abster, xa que si non se aproba a Conta Xeral repercutiría negativamente no Concello.

Intervén a continuación o portavoz do BNG para anunciar que o seu grupo vaise abster para que a Conta Xeral siga o seu trámite e se fiscalice polo Tribunal de Contas, pero non está de acordo coa política de gasto do Equipo de Goberno.

O Sr. Alcalde manifesta que levan no Goberno 15 anos e nunca o Tribunal de Contas nin o Tribunal de Cuentas dixeron nada ao Concello. Di que o Concello é pequeno e que se podería endebedar un 110% e está nun 31%, existe un 3,27% de aforro, non se pediu dende fai catro anos unha operación de crédito. Continúa dicindo que se miren outros Concellos; no ano 2010 Foz gastou aproximadamente coma no 2009 porque é imposible baixar o gasto. Explica que cando colleu o Concello había mais de catro millóns de euros en débedas e despois houbo bo tempo gracias ao Equipo de Goberno; as contas que ten o Concello son transparentes, limpas e claras, polo que o seu grupo vai votar a favor.

O portavoz do PP aclara que el non lle foi a urbanismo, dixo que había un contencioso posto pola Xunta, que o puxo o seu equipo e lle dixo que debería ter unha previsión por si sae contrario ao Concello.

O Sr. Alcalde contéstalle que non hai que devolver nada.

O Sr. Fernández Manín replícalle que se hai que devolver ou non xa se verá, aclara que dixo que a liquidación era do 3,27 %, pero si se teñen en conta as partidas que estaban sen pagar sería negativa. Aparte, no ano 2008 era de 4,46 e o gasto foi a mais; e dirixíndose ao Sr. Alcalde manifesta que non lle diga que o PP ten que aprobar as contas.

O Sr. Alcalde di que non é todo gastar, porque hai que darlles aos cidadáns bens sociais; si se mete todo o que non se quere aprobar daría negativa, pero tamén si se mete todo o que se está recadando do ano 2009 daría positiva. Recorda que moitos Concellos teñen un 80%, 90% e 100% de endebedamento, Foz podería pedilo pero non o fai por responsabilidade.

Toma a palabra o portavoz do BNG que explica que xa dixeron que o seu voto non significa darlle o visto bo á política do Concello. Pide que conste en acta o que vai dicir a continuación. Pregunta si se está falando de que privatizar continuamente servizos públicos e non recadar débeda pendente é unha boa xestión. Conclúe que se hai mais gastos que ingresos estase gastando de unha forma desproporcionada.

O Sr. Alcalde lle di ao Sr. González Basanta que leva soñando dez anos, que se vai rematar a legislatura con aforro positivo e o BNG soña que non hai, e non se pode dicir que o Alcalde gastou nun derroche, xa que se gastou en servizos básicos e se non que se lle pregunte aos veciños do medio rural que lles falta e se están orgullosos dos gastos que se fixeron. Conclúe a súa intervención manifestando que non ten nada que perder, se hai un cambio de goberno en maio a persoa que entre recollerá un Concello saneado, cousa que o seu Equipo non recibiu; hai que ser un municipio turístico, con cabeza.

Non habendo mais intervencións, se somete o asunto a votación, co seguinte resultado:

- Votos a favor: 6 (PSOE).
- Votos en contra: ningún.
- Abstencións: 7 (4 PP e 3 BNG).



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Resultando aprobado o seguinte acordo:

**PRIMEIRO. Aprobar a Conta Xeral do exercicio 2009 do Concello de Foz.**

**SEGUNDO. Render a Conta Xeral así aprobada e toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas, tal e como se establece no artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, así como ao Consello de Contas de Galicia.**

### **3.- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 4/2010.**

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa Contas, Economía e Facenda en sesión celebrada o 23 de setembro de 2010, sobre o recoñecemento extraxudicial de crédito 4/2010.

Intervén o portavoz do PP que di que é consciente de quen fai a orde do día do Pleno é o Alcalde, e pide que quede enriba da mesa o asunto porque non variou nada no expediente e non falla ningún Concelleiro que, o seu voto, poda determinar o asunto.

O Sr. Alcalde contéstalle que hai unha xente que está esperando para cobrar e non hai outra forma de traelo, xa que son facturas que se teñen que aprobar e non se poden quitar unhas e outras non.

O portavoz do BNG manifesta que o seu grupo vai votar en contra.

O Sr. Alcalde pide que conste en acta que as facturas que se levan foron tres veces consecutivas a Pleno e entende que a denegación dun acordo administrativo ten que motivarse en Dereito, polo tanto, se vai dar traslado do asunto aos xulgados para que tomen unha determinación sobre o asunto xa que o Concello se ía ver prexudicado unha vez se pronunciasen os xulgados con intereses de demora que os veciños de Foz, no seu conxunto, non teñen dereito a soportar. Entende que os asuntos son responsabilidade dos Concelleiros que emiten o seu voto e debe existir responsabilidade patrimonial para que o Concello e a cidadanía non se vexan agraviadas.

Rematado o debate se somete o asunto a votación, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 6 (PSOE).
- Votos en contra: 7 (4 PP e 3 BNG).
- Abstencións: ningunha.

Non resultando aprobado o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar o recoñecemento extraxudicial de créditos 04/2010 por importe de **104.724,45 euros**, correspondentes a gastos de exercicios anteriores que se indican a continuación e figuran os seus respectivos soportes materiais no presente expediente:

As facturas a legalizar son as que se inclúen na relación de facturas 26 de 2010 incluídas neste expediente que comezan pola factura de CONSTRUCCIONES CARFERLO SL por importe de 8.458,72 euros e rematan pola de BAHÍA SL. por importe de 61,41 euros, constando de 3 páxinas, e un importe total de 104.724,45 euros.

**Segundo.-** Aplicar, con cargo ao Orzamento municipal prorrogado para o exercicio 2010 unha vez aprobado definitivamente o expediente 21/2010 de modificación do mesmo, os créditos aprobados, imputándoos ás partidas correspondentes segundo o sinalado nos propios listados, nas que se realizará a correspondente retención.



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

### 4.- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 21/2010.

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa Contas, Economía e Facenda en sesión celebrada o 23 de setembro de 2010, sobre a modificación de crédito 21/2010.

Non habendo intervencións se somete o asunto a votación, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 6 (PSOE).
- Votos en contra: 7 (4 PP e 3 BNG).
- Abstencións: ningunha.

Non resultando aprobado o seguinte acordo:

**Primeiro.** - Aprobar con carácter inicial o expediente número 21 de modificación do Orzamento Xeral prorrogado de 2010 por importe de setenta e cinco mil trescentos setenta e seis euros e cincuenta e catro céntimos (75.376,54 €), que se financia co saldo do remanente de tesourería de libre disposición que provén da liquidación do orzamento do exercicio precedente, de acordo coa seguinte proposta:

### MODIFICACIÓN NÚMERO 21 DO ORZAMENTO XERAL PRORROGADO PARA 2010.

#### SUPLEMENTO E CRÉDITO EXTRAORDINARIO.

PARTIDA	DENOMINACIÓN	IMPORTE ACTUAL	MODIFICACIÓN	DEFINITIVO
422.212	Educación. Reparación e conservación de edificios e outras instalacións	12.664,26	<b>6.987,84</b>	19.652,10
432.213	Urbanismo e arquitectura. Reparación de maquinaria, instalacións	102.256,03	<b>9.906,55</b>	112.162,58
442.22711	Recollida de lixo e limpeza viaria. Tratamento de lixo	277.270,44	<b>16.503,70</b>	293.774,14
442.62300	Recollida de lixo e limpeza viaria. Reelectrificación punto limpo	0,00	<b>3.592,44</b>	3.592,44
511.210	Vías públicas. Reparación e conservación	173.488,21	<b>6.774,40</b>	180.262,61
511.60106	Vías públicas. Inversión en estradas e camiños	0,00	<b>23.152,89</b>	23.152,89
511.60110	Vías públicas. Inversión en estradas e camiños	105.429,22	<b>8.458,72</b>	113.887,94
<b>Total expediente de modificación de créditos 21/2010</b>				<b>75.376,54</b>

#### FINANCIAMENTO DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN

CONCEPTO	DENOMINACIÓN	IMPORTE ACTUAL	MODIFICACIÓN	DEFINITIVO
870.00	Remanente de Tesourería para financiar créditos extraordinarios	113.025,00	<b>26.745,33</b>	139.770,33
870.01	Remanente de Tesourería para financiar suplementos de crédito	259.758,85	<b>48.631,21</b>	308.390,06
<b>Total financiamento expediente de modificación de créditos 21/2010</b>				<b>75.376,54</b>



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

**Segundo.** - O expediente impulsárase de oficio nos termos que establece a lexislación Reguladora das Facendas Locais. Así, aprobado inicialmente o expediente, exporase ao público, logo de anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

Se durante este período non se presentarán alegacións polos interesados, entenderíase que a modificación de crédito foi definitivamente aprobada; no caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolver as alegacións presentadas.

Aprobada definitivamente polo Pleno do Concello, dita modificación do Orzamento será publicada, resumida por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia, tal e como establecen os artigos 70.2, en relación co artigo 112.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e o artigo 169.3 do Real Decreto Lexislativo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Simultaneamente a este envío, remitírase copia do expediente á Comunidade Autónoma e á Administración do Estado

### 5.- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 28/2010.

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa Contas, Economía e Facenda en sesión celebrada o 23 de setembro de 2010, sobre a modificación de crédito 28/2010.

Toma a palabra o portavoz do PP para propoñer que quede o asunto obre a mesa e se realice unha valoración por un técnico, desgloxando o da Deputación e o do Concello.

O Sr. González Basanta expresa que os eu grupo pide a retirada do asunto da orde do día ou que quede sobre a mesa e que se elabore un informe polo arquitecto municipal, que é o técnico competente para elaborar o informe.

O Sr. Alcalde contesta que non o fixo o arquitecto, senón unha técnico, pero se non confían nela é a que hai.

O Sr. Fernández Manín manifesta di que se hai unha valoración dun dano non se poden incluír bens que aportou a Deputación.

Expresa o Sr. Alcalde que lle da pena ser Alcalde do Concello e estar alí sentado. Manifesta que quede sobre a mesa.

Pregunta o Sr. González Basanta si con o informe do arquitecto.

O Sr. Alcalde pregunta por que ten que ser do arquitecto. E conclúe dicindo que xa está.

O Sr. Basanta lle pide que non falte ao respecto.

O Sr. Alcalde lle pregunta se o insultou.

O Sr. González Basanta lle contesta que dixo que daba pena.

O Sr. Alcalde insiste en que eso da pena.

Engade o portavoz do BNG que o Sr. Alcalde non ve que está metido neso. A valoración non pode ser estimativa.

O Sr. Alcalde explica que si se valoran uns primeiros danos e despois se poñen as máquinas a traballar os gastos poden ser maiores ou menores.

O Sr. González Basanta pregunta onde están as facturas.



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

O Sr. Alcalde di que no Concello, pero recorda que o asunto queda sobre a mesa e que o arquitecto non ten esas competencias, si non que as ten a técnica.

A continuación, habendo acordo de tódolos membros do Pleno, se deixa o asunto sobre a mesa.

### **6.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.**

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa Contas, Economía e Facenda en sesión celebrada o 23 de setembro de 2010, sobre a modificación da ordenanza fiscal reguladora do servizo de axuda no fogar.

O portavoz do BNG expresa que o seu grupo vota en contra porque se trata de unha privatización.

Non habendo mais intervencións se somete o asunto a votación, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 10 (6 PSOE e 4 PP).
- Votos en contra: 3 (BNG).
- Abstencións: ningunha.

Resultando aprobado o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar con carácter provisional a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar, quedando redactada a devandita Ordenanza co seguinte detalle:

### **ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR**

#### **Artigo 4º. Contía**

A contía do servizo estará determinada por:

- a) Con carácter xeral polo prezo por hora do servizo prestado que ascende a **11,10 euros máis a cota de IVE que corresponda en cada momento segundo a lexislación fiscal aplicable.***
- b) Capacidade económica das persoas usuarias do servizo tendo en conta o establecido no artigo 17 da Orde de 22 de xaneiro de 2009 reguladora do Servizo de Axuda no Fogar para a Comunidade Autónoma de Galicia.*

*En función destas circunstancias, o prezo do punto a) anterior aplicarase de acordo coa seguinte escala conformada segundo os requisitos do artigo 18 da Orde de 22 de xaneiro de 2009 reguladora do Servizo de Axuda no Fogar para a Comunidade Autónoma de Galicia:*

<b>INGRESOS IPREM</b>	<b>COPAGO USUARIO</b>
Entre o 100% e o 150%	10%
Entre o 150% e o 200%	15%
Entre o 200% e o 300%	20%
Entre o 300% e o 350%	30%
Entre o 350% e o 400%	40%
Entre o 400% e o 500%	60%
Máis do 500%	65%



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

*Excepcionalmente en casos de desestruturación familiar e risco de exclusión social, de acordo coa valoración e proposta do traballador social mediante resolución motivada do órgano competente, poderase acordar a redución ou exención de pagamento.*

**Segundo.-** Expoñer ao público no Taboleiro de Anuncios deste Concello o presente acordo provisional, e a nova redacción da Ordenanza Fiscal afectada, durante o prazo de trinta días hábiles, co fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas. A devandita exposición ao público anunciarase por edicto no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a contar o seu prazo a partires do día seguinte a aquel en que se produza a devandita publicación.

De conformidade co artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004 do 5 de marzo, se non se producen reclamacións contra este acordo, automaticamente considerárase definitivo e procederase á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios do Concello, xunto co texto da Ordenanza, non entrando en vigor ata que esta publicación teña lugar.

### **7.- CORRECCIÓN DE ERROS ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS.**

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa Contas, Economía e Facenda en sesión celebrada o 23 de setembro de 2010, sobre a corrección de erros da Ordenanza Fiscal Reguladora da taxa de expedición de documentos.

Non habendo intervencións se somete o asunto a votación, resultando aprobado por unanimidade dos membros de Dereito do Pleno o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Corrixir a ordenanza reguladora da taxa de expedición de documentos, no art. 6, engadindo "Posto de traballo do grupo C2 ou asimilados: 15 €".

**Segundo.-** Publicar a corrección no BOP.

### **8.- MOCIÓN DO PSOE EN RELACIÓN Á RESOLUCIÓN DO 1 DE XULLO DE 2010 DO INSTITUTO GALEGO DE VIVENDA E SOLO.**

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno en sesión celebrada o 23 de setembro de 2010, sobre a moción do PSOE en relación á resolución do 1 de xullo de 2010 do Instituto Galego de Vivenda e Solo.

O portavoz do PP di que dende o PP, e tomando a palabra do Sr. Alcalde de que o que fai o seu goberno en Madrid está ben feito, van votar en contra porque o que fai o PP na Xunta está. Expresa que a Xunta non vai informar do IVE porque a rehabilitación de vivendas non vai ter IVE, segundo dixo o Goberno Central.

O portavoz do BNG anuncia que o seu grupo vai votar a favor porque están a favor de aumentar as vivendas.

Non habendo mais intervencións se somete o asunto a votación, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 9 (6 PSOE e 3 BNG).
- Votos en contra: 4 (PP).
- Abstencións: ningunha.



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Resultando aprobado o seguinte acordo:

Instar a Xunta de Galicia a:

- 1) Deixar sen efecto a Resolución publicada o 19 de Xullo e modificar as cantidades dedicadas ós fondos de rehabilitación de vivendas nos Cascos Históricos e no ámbito rural.
- 2) Converter a rehabilitación nun eixe prioritario para impulsar a actividade das empresas da construción e permitir a mellora das condicións de vida dos galegos e das galegas.
- 3) Levar adiante unha liña de axudas á rehabilitación que permitan o acceso a estes fondos por parte daqueles colectivos que teñen máis dificultades económicas e que viven en barrios ou áreas con edificacións máis deterioradas.
- 4) Informar ó conxunto da poboación das medidas impulsadas polo Goberno de España no que se refire ó impulso da rehabilitación e da eliminación do IVE destas obras.
- 5) Consensuar coa FEGAMP as liñas de acción e axudas para garantir o acceso á vivenda digna polo conxunto das sociedade galega.

### **9.- MOCIÓN DO PSOE SOBRE PROPOSTA DE EMENDA Á MOCIÓN DO PP RELATIVA Á DEVOLUCIÓN AO ESTADO DOS ANTICIPOS DOS ANOS 2008-2009.**

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno en sesión celebrada o 23 de setembro de 2010, sobre a moción do PSOE sobre a proposta de emenda á moción do PP relativa á devolución ao Estado dos anticipos dos anos 2008-2009.

Intervén o portavoz do PP para anunciar que o seu grupo vai votar en contra basicamente porque é moi diferente o que se propón á realidade.

O portavoz do BNG explica que o seu voto vai no senso de que coma se aceptou a emenda que se fixo ao PP van votar en contra, pero o problema non é que haxa que pedir máis ou que haxa un retraso, Galicia necesita máis autonomía para recadar porque non se ten en conta o envellecemento da poboación nin a dispersión da poboación, por eso cómpre unha axencia tributaria propia.

O Sr. Alcalde lle contesta ao Sr. Basanta que “bla, bla, bla”, que se poña a gobernar el e que a axencia tributaria é única.

O portavoz do BNG pide que conste en acta que denuncian as faltas continuadas do Sr. Alcalde a el e a todo o Pleno.

O Sr. Fernández López manifesta que el tamén se suma a esa protesta.

O Sr. Alcalde replica que el non dixo nada malo.

O Sr. Basanta lle di que xa cambiou o ton.

Non habendo máis intervencións se somete o asunto a votación, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 6 (PSOE).
- Votos en contra: 7 (4 PP e 3 BNG).
- Abstencións: ningunha.





## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Non resultando aprobado o seguinte acordo:

- 1) Dirixirse, a través da FEMP, ó Ministerio de Política Territorial do Goberno de España para valorar e estudar un adiamento ou fórmula semellante das devolucións municipais correspondentes á Participación nos Ingresos do Estado do ano 2008, tras o peche da liquidación.
- 2) Dirixirse, a través da FEMP, ó Ministerio de Política Territorial do Goberno de España para adoptar aquelas medidas que garantan o mantemento do PIE no ano 2011, nunha cantidade non inferior á do ano 2010.
- 3) Respalda a proposta feita pola Fegamp ó Goberno da Xunta de Galicia para incrementar nun 12 € os fondos incondicionados do Fondo Galego de Cooperación Local, segundo o acordado no Pacto Local.

### **10.- MOCIÓN DO BNG SOBRE A SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA PARA A CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA DE PROTECCIÓN PÚBLICA EN FOZ.**

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno en sesión celebrada o 23 de setembro de 2010, sobre a moción do BNG sobre a solicitude á Xunta de Galicia para a construción de vivenda de protección pública en Foz.

Toma a palabra o portavoz do PP para recordar que xa o seu grupo trouxera unha moción para que a Xunta propuxera vivendas de protección e mais en concreto en Xulia Minguillón e se retirou para que se fixera. Di que lles parecería interesante que se incluíse a zona dos Limoeiros.

A continuación o portavoz do BNG explica que ao seu grupo lle parece interesante que se faga, polo que non hai problema en retirar da moción "de acordo co previsto no anterior".

O Sr. Alcalde di que xa anunciaron a abstención e di que eles saberán o que van a votar.

Non habendo mais intervencións se somete o asunto a votación, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 7 (4 PP e 3 BNG).
- Votos en contra: 6 (PSOE).
- Abstencións: ningunha.

Resultando aprobado o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Demandar da Xunta de Galicia a construción de vivendas de protección pública en Foz.

**Segundo.-** Enviar a todos os grupos políticos do Parlamento de Galicia este acordo para o seu debate e aprobación en pleno.

### **11.- MOCIÓN DO BNG CONTRA OS RECORTES SOCIAIS APROBADOS POLO GOBERNO DO ESTADO.**

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno en sesión celebrada o 23 de setembro de 2010, sobre a moción do BNG contra os recortes sociais aprobados polo Goberno do Estado.

O portavoz do PP explica que si ben o fondo da moción si o comparten, a situación a que levou o PSOE cos seus recortes sociais fai que non compartan puntos da moción, coma o



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

punto a) ou o b), polo que o seu grupo se vai a abster.

O Sr. Alcalde anuncia que o seu grupo vai votar en contra, coma xa se pronunciou na Comisión Informativa.

O portavoz do BNG lle recorda ao Sr. Alcalde que xa se pronunciou.

O Sr. Alcalde lle replica ao Sr. Basanta que aínda non lle deu a palabra nin a pediu.

O Sr. González Basanta explica que se reflicten os dous modelos, tamén no Congreso se abstivo o PP; o PSOE está traicionando o seu ideario político.

O Sr. Alcalde lle pregunta ao portavoz do BNG se lle parece ben a palabra "traicionando".

Contesta o Sr. González Basanta que non ten nada de malo. En teoría o PSOE defendeu ao obreiro e as medidas traicionan o seu ideario político, atacando á clase que os sustenta; dous días despois da reforma laboral volven a falar da reforma das pensións. Todas esas medidas non van reducir o paro. Para rematar pregunta como se poden tomar esas medidas e ter un goberno chamado socialista.

O Sr. Alcalde respóndelle que é demagogia o que di, e que foi o primeiro que arruinou coas súas políticas suicidas, afogando e arrinconando ao Equipo de Goberno.

O Sr. González Basanta pide que conste en acta o que está dicindo o Sr. Alcalde.

Prosegue o Presidente dicindo que primeiro atacando co urbanismo e logo lanzando ao Alcalde contra o Plan Parcial das Torres, pero xa o saben os veciños, xa que lles dicían que o Alcalde se ía papar o terreo e agora os veciños non poden facer nada; despois tamén quería tirar o campo da Cabana e aínda así o PSOE sacou a maioría da cidadanía e agora que están co POL a xente xa non lles cre. Dirixíndose ao Sr. Basanta pregunta que lle van contar agora á cidadanía, cando están pendentes tres leis, a de paisaxe, a do POL e a modificación da LOUGA. O PSOE atendeu á Lei da Dependencia, esta facendo as autovías e as estradas e ven a criticar aquí, dicindo cunha moción que o Goberno do Estado está traicionando.

O portavoz do BNG aclara que están falando da reforma do goberno e o Sr. Alcalde sae por peteneiras, di que non vai rebatir esas cousas porque non toca, uns fan hoteis e outros traballan.

O Sr. Alcalde pide que conste en acta a manifestación do BNG, xa que se trata de unha ofensa persoal; aclara que fixo o hotel co seu traballo.

O Sr. Basanta replícalle que non personalizou. Lle pide ao Sr. Alcalde que non vote culpas do urbanismo de Foz, xa que o PSOE tivo maioría para levar a cabo as políticas que quixera e non o fixo. Se debaten unha serie de medidas do Goberno actual que van en contra das ideas do PSOE.

O Sr. Alcalde lle di que el nunca vai intervir no PSOE, nin no PSG PSOE nin no PSG PSOE de Foz, xa que nunca lle van facer caso. Expressa que o Sr. Basanta minte no que di; el entrou coma Alcalde no 95 e no 98 houbo unha reforma da Lei do Solo e se paralizaron os plans e se volveu a facer outro no 99; no 2004 houbo outra reforma da LOUGA e quedou paralizado e despois se iniciou outro. Conclúe dicindo que vai pelexar pola maioría absoluta e a vai sacar, e iso que non ía ir ás eleccións, pero os cidadáns estanse a dar conta de quen saca as castañas do lume. O PP vai condenar a Foz a que non poda construír nada e se vai mobilizar á cidadanía, porque non se pode entender como se pode inmovilizar todo o núcleo rural. O PSOE xa presentou as súas alegacións, e non teñen que avergoñarse como socialistas, o BNG xa se sabe que non porque defende outra política e o PP outra. O seu grupo apoia ao Goberno da Nación e vai votar en contra.



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Non habendo mais intervencións se somete o asunto a votación, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 3 BNG.
- Votos en contra: 6 (PSOE).
- Abstencións: 4 (PP).

Non resultando aprobado o seguinte acordo:

1º.- Instar ao Goberno do Estado a retirar de xeito inmediato o Decreto aprobado o 20 de maio polo Consello de Ministros, que contén os recortes nas pensións públicas, nos dereitos dos dependentes, a baixada dos salarios dos funcionarios, entre outras:

2º.- Instar ao Goberno do Estado a que leve a cabo as seguintes medidas:

- a) Impulsar medidas que fomenten a austeridade do gasto público vinculado á racionalización administrativa no Estado; supresión de Ministerios con competencias cedidas ás CCAA, redución do papel da Administración periférica do Estado e supresión das Deputacións Provinciais.
  - b) Acometer unha estratexia de redución do gasto militar, especialmente en gasto corrente e nos derivados da presenza en misións no estranxeiro.
  - c) Levar a cabo unha reforma fiscal que acentúe o carácter progresivo do sistema, recollendo as seguintes medidas: introducción dun novo tramo no IRPF para as rendas máis altas, dotar de maior progresividade á tributación das rendas do aforro, restaurar o imposto sobre o Patrimonio e modificar o estatus xurídico das sociedades de investimento colectivo (SICAV). Así mesmo, impulsar un ambicioso plan de loita contra a fraude e a evasión fiscal.
  - d) Impulsar, no marco da Presidencia Europea da UE, unha maior regulación dos mercados financeiros e a introducción dun imposto que grave os movementos especulativos de capital.
  - e) Garantir e reforzar os servizos públicos, as pensións e o resto de prestacións públicas.
  - f) Levar a cabo políticas activas na loita contra o paro.
- 3º.- Instar á Xunta de Galicia a:
- a) Abandonar a súa política de destrución e privatización dos servizos públicos.
  - b) Adoptar medidas efectivas na loita contra a crise e o desemprego.

### **12.- MOCIÓN DO BNG DE APOIO Á FOLGA XERAL DO 29 DE SETEMBRO.**

O Sr. Alcalde retira o punto da orde do día porque xa foi a folga.

O portavoz do BNG explica que o que se pretendía era o apoio na Comisión Informativa.

### **13.- MOCIÓN DO PP SOBRE AS DEVOLUCIÓNS DAS LIQUIDACIÓNS NEGATIVAS CORRESPONDENTES AOS EXERCICIOS ORZAMENTARIOS 2008-2009 DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA AO ESTADO.**



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno en sesión celebrada o 23 de setembro de 2010, sobre a moción do PP sobre as devolucións das liquidacións negativas correspondentes aos exercicios orzamentarios 2008-2009 da Comunidade Autónoma de Galicia ao Estado.

O Sr. Alcalde expresa que hai que ser serios e honrados e hai que devolver o que se deu de mais; di que ten unha viaxe a Madrid dentro de pouco para outros temas e ese tamén se vai tocar.

Toma a palabra o portavoz do PP para dicir que cando se fai un anticipo se fai tamén unha previsión e esa devolución non parece correcta, polo que o seu grupo vai votar a favor.

Lle replica o Sr. Alcalde que o BNG e PP están acercando posturas, pois xa levan unha serie de acordos votando conxuntamente a favor.

Non habendo mais intervencións se somete o asunto a votación, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 7 (4 PP e 3 BNG).
- Votos en contra: 6 (PSOE).
- Abstencións: ningunha.

Resultando aprobado o seguinte acordo:

1º.- Manifestar a necesidade da revisión das condicións previstas na Disposición Adicional Cuarta da Lei 22/2009, pola que se regula o sistema de financiamento das CCAA de réxime común e cidades con Estatuto de Autonomía e se modifican determinadas normas tributarias, para a devolución das liquidacións negativas correspondentes aos exercicios orzamentarios de 2008 e 2009, vencellando o inicio desta devolución a unha taxa de crecemento positiva do PIB autonómico do 2% e alongando no tempo o prazo actualmente fixado para a devandita devolución alomenos ata as 10 anualidades.

2º.- Darlle traslado do presente acordo ao Goberno de España, a través da súa Vicepresidencia Segunda, a todos os Grupos Parlamentarios no Parlamento de Galicia e nas Cortes Españolas e á Xunta de Galicia.

3º.- Instar o Goberno Central e a Xunta de Galicia a aprobar un novo modelo de financiamento autonómico baseado na plena soberanía fiscal que conleve a responsabilización sobre os nosos recursos a través da territorialización completa nos tributos en Galicia, que abranga a súa recadación, xestión e capacidade normativa contando para iso cunha axencia tributaria galega.

### **14.- MOCIÓN DO PP SOBRE DEVOLUCIÓN DA LIQUIDACIÓN NEGATIVA CORRESPONDENTE Á PARTICIPACIÓN NOS INGRESOS DO ESTADO DO ANO 2008 DO CONCELLO DE FOZ AO ESTADO.**

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno en sesión celebrada o 23 de setembro de 2010, sobre a moción do PP sobre devolucións da liquidación negativa correspondentes á participación nos ingresos do Estado do ano 2008 do Concello de Foz ao Estado.

O Sr. Fernández Manín pregunta de onde vai sacar o Concello o diñeiro que ten que devolver.

O Sr. Alcalde contéstalle que non vai ser unha devolución traumática e o Concello pode pedir un préstamo de ata tres millóns de euros, cousa que non poden dicir os Concellos do PP; a devolución será progresivamente de acordo co que se estableza pola FEMP. Si é do 11% é



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

porque houbo un desaxuste, pero o peor é o da Xunta de Galicia que temos que non da nada.

O portavoz do PP replícalle que si o pensa só nomearía á Xunta para ben, porque foi a que deixou os cartos para a dependencia.

O Sr. Alcalde pregúntalle canto deu.

O Sr. Fernández Manín respóndelle que o di a moción claramente.

O Sr. Alcalde di que é ilegal, que é para armar bulla nos Concellos.

Toma a palabra o portavoz do BNG para preguntar si se acepta a mesma emenda.

O portavoz do PP di que si.

Non habendo mais intervencións se somete o asunto a votación, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 7 (4 PP e 3 BNG).
- Votos en contra: ningún.
- Abstencións: 6 (PSOE).

Resultando aprobado o seguinte acordo:

1º.- Dirixirse ó Ministerio de Política Territorial do Goberno de España para solicitarlle que deixe sen efecto a liquidación negativa correspondente a participación nos Ingresos do Estado do ano 2008 ou que, no seu defecto, se adie o pagamento da cantidade a devolver ata que exista un crecemento económico por riba do dous por cento anual en un prazo de dez anos.

2º.- Dirixirse ó Ministerio de Política Territorial para que o Goberno de España adopte unha medida tendente a garantir que os ingresos que percibirán as entidades locais durante o ano 2011 en concepto de Participación nos Ingresos do Estado non sexan inferiores que os que veñen percibindo durante o ano 2010, tal e como ten realizado a Xunta de Galicia co Fondo de Cooperación Local durante o ano 2010.

3º.- Instar o Goberno Central e a Xunta de Galicia a aprobar un novo modelo de financiamento autonómico baseado na plena soberanía fiscal que conleve a responsabilización sobre os nosos recursos a través da territorialización completa nos tributos en Galicia, que abranga a súa recadación, xestión e capacidade normativa contando para iso cunha axencia tributaria galega.

### **15.- MOCIÓN DO PP SOBRE O P.E.I.M. RURAL.**

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno en sesión celebrada o 23 de setembro de 2010, sobre a moción do PP sobre o P.E.I.M. Rural.

Intervén o Sr. Alcalde para explicar que se adiataron porque o Ministerio fíxoo moi ben; estanlle votando un pulso ao Goberno Central e van a arruinar Galicia; se queren mais diñeiro que se acabe o de 2010.

O portavoz do PP explica que o que se pide na moción é que se inclúan nos orzamentos.

Contéstalle o Sr. Alcalde que están incluídos.

O Sr. Fernández Manín pregunta se logo o seu partido é bobo.



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Respóndelle o Sr. Alcalde que iso é para formar follón nos Concellos. Hai un diñeiro que pertence a Foz e se está facendo o saneamento en Bargados.

O portavoz do PP pregunta quen fai iso.

E lle responde o Presidente que o Concello, o Ministerio e a Xunta.

Prosegue o portavoz do PP recordándolle ao Sr. Alcalde que el pode dicir que fai as obras do Concello, pero non as das demais administracións.

O Sr. Alcalde preguntalle que se entón os técnicos do Concello non fan o proxecto.

Contesta o Sr. Fernández Manín que entón alégrase que teñan algo que facer os técnicos do Concello.

O Sr. Alcalde di que teñen que facer, que el non está como aquel Sr., continúa explicando que o Goberno puxo 60.000 € e a Xunta 28.000 €. Este ano o Estado non da nada porque a Xunta non fixo as obras do 2009, polo que o estado dixo que ata que non contraten as obras do 2009 non lle dan as de 2010, polo que o seu grupo vai votar en contra.

O portavoz do BNG pide que conste en acta que ese Sr. a quen se refire o Sr. Alcalde ten nome.

O Sr. Alcalde lle replica que é un tratamento de Sr.

O portavoz do BNG aclara que o Goberno do Estado e o da Xunta terán que gañar os cartos dos anos anteriores, pero tamén eses cartos son innecesarios para gastar no rural. O seu grupo se vai abster.

Non habendo mais intervencións se somete o asunto a votación, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 4 (PP).
- Votos en contra: 6 (PSOE).
- Abstencións: 3 (BNG).

Non resultando aprobado o seguinte acordo:

1º.- Instar á Xunta de Galicia e ao Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Marino a cumprir as obrigas e compromisos adquiridos no PEIM Rural 2009/2010, de tal xeito que con cargo aos seus respectivos Orzamentos de 2010 a Xunta aporte 9,5 millóns de euros e o Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Marino 19 millóns de euros, o que permitirá que a Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia poida proceder á licitación, contratación e execución das obras que benefician a este Concello na anualidade de 2010 e polo importe que o goberno bipartito da Xunta de Galicia xa comunicara no seu momento.

2º.- Dar traslado destes acordos á Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia e ao Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Marino.

### **16.- DACIÓN DE CONTAS DO CONVENIO SOBRE O SECTOR FORESTAL.**

**Polo Sr. Alcalde se da conta do convenio asinado o 27 de xullo de 2010 coa asociación de empresarios da primeira transformación da madeira de Lugo sobre o sector forestal que afecta ao Concello de Foz, quedando enterados os Sres. Concelleiros.**

**O Convenio se transcribe a continuación:**



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

### **“CONVENIO ENTRE EL EXCMO. AYUNTAMIENTO DE FOZ Y LA ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE LA 1ª TRANSFORMACIÓN DE LA MADERA DE LUGO, SOBRE EL SECTOR FORESTAL QUE AFECTA AL AYUNTAMIENTO DE FOZ**

En el Ayuntamiento de Foz a, 27 de julio de 2010.

#### **REUNIDOS**

De una parte D. José María García Rivera, como Alcalde del Excmo. Concello de Foz, sito en la calle Álvaro Cunqueiro, 24, de conformidad con las facultades previstas en el artículo 21,1 de la ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases de Régimen Local.

De otra, D. Daniel Villapol Valea, titular del DNI nº 76.549.684-W, en calidad de Presidente de la Asociación de empresarios de la 1ª Transformación de la Madera de Lugo, expresamente facultado para representar a la señalada Asociación, al ostentar el cargo según consta en acta de elección de Presidente, acreditativa de la celebración de la Asamblea General de fecha 30 de octubre de 2008, con CIF Nº G-27030915.

Ambos comparecientes, en la calidad en que intervienen, se reconocen mutuamente la capacidad legal para otorgar el presente **ACUERDO** con los siguientes antecedentes

#### **ANTECEDENTES**

Que es intención de los comparecientes regular EL BUEN USO DE LOS SERVICIOS Y ACCESOS DE TITULARIDAD DEL CONCELLO EN EL PROCESO DE LOS APROVECHAMIENTOS FORESTALES DEL MONTE, GARANTIZANDO SU CONSERVACION.

Es necesaria la firma de este Acuerdo para establecer un protocolo de actuación, en base a los siguientes

#### **JUSTIFICACIÓN TÉCNICA Y JURÍDICA**

Con la firma del presente Acuerdo se pretende la preservación del medio ambiente y la explotación racional de los recursos.

El presente Acuerdo no se encuentra dentro de ámbito de aplicación de la legislación de contratación pública del Estado, pero sí dentro de la Ley 7/1985, Reguladora de las Bases de Régimen Local y del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el Texto Refundido de las Disposiciones Legales vigentes en materia de Régimen Local, cuyo artículo 111 determina que las Entidades Locales podrán concertar los contratos, pactos o condiciones que tengan por conveniente siempre que no sean contrarios al interés público, al Ordenamiento Jurídico o a los principios de la buena administración, y deberán cumplirlos a tenor de los mismos, sin perjuicio de las prerrogativas establecidas en su caso, a favor de dichas entidades.

El órgano competente para la suscripción del Acuerdo, de conformidad con el artículo 21 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de la Base de Régimen Local, y 61 de la Ley 5/1997, corresponde al Alcalde.

#### **CLAUSULAS**

Primero.-El Acuerdo se suscribe con carácter individual entre el Ayuntamiento de Foz y ASOCIACIÓN DE LA PRIMERA TRANSFORMACIÓN DE LA MADERA.

Segundo.-La ASOCIACIÓN se compromete a promover y a procurar entre sus asociados que éstos cumplan con su obligación de reparar los daños que efectivamente



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

*causen, y que así resulte probado, en sus actuaciones en el monte, PARA LO CUAL SE PROCEDERÁ A DETERMINAR UN PROTOCOLO DE ACTUACIONES QUE SERÁN LOS SIGUIENTES:*

*A.-El comprador en el momento de iniciar el aprovechamiento entregará en el Concello una copia del permiso de corta, copia del certificado de pertenecer a la Asociación y datos de la empresa y del encargado del aprovechamiento, asimismo antes de la corta se debe revisar por parte del Ayuntamiento y de la empresa que va a realizar la misma el estado de la pista que se va a utilizar para la saca de madera, con el objeto de que una vez terminados los trabajos se valore el deterioro de la misma, si fuese el caso, para su recuperación por parte de la empresa que realizó la corta y el transporte.*

*B.-El Concello con la participación activa y máxima colaboración de la empresa asociada, podrá comprobar, el buen uso de los servicios municipales.*

*C.-Una vez terminado el aprovechamiento, con la presencia de la empresa implicada o un representante de la misma, podrá comprobar el estado de los caminos y servicios. Si su estado es el normal correspondiente al uso en una actividad productiva agro-forestal, se procederá a dar por terminado el expediente.*

*D.-En el supuesto de disconformidad, diferencia de criterio o valoración entre el Concello y la Empresa, se comunicará a la Asociación, que procederá a mediar para hacer posible el acuerdo y la reparación.*

*La Asociación se compromete frente al Concello a realizar cuantas actuaciones e intervenciones sean necesarias para que sus asociados realicen buenas prácticas de intervención en el monte, y reparen los daños causados, que le sean directamente imputables.*

*Tercero.-Se establecerá una comisión mixta entre Concello y Asociación para analizar la situación del sector en cada momento y resolver posibles conflictos que se planteen, promoviendo la responsabilidad de los asociados y la ejecución de la reparación de las obras. También servirá para establecer acuerdos para el buen desarrollo de la actividad Forestal en el Concello.*

*Cuarto.-La vigencia del presente Acuerdo, será de UN AÑO, pudiendo prorrogarse hasta el máximo legal, por iguales periodos, si una parte no lo denuncia.*

*Y en prueba de conformidad, firma la presente en el lugar y fecha en el encabezamiento indicados”.*

### 17.- MODIFICACIÓN ORDENANZA XERAL MUNICIPAL REGULADORA DA CONTAMINACIÓN ACÚSTICA.

O Sr. Alcalde introduce por vía de urxencia este punto da orde do día, xustificándoa en que un veciño quere montar un restaurante na zona e os técnicos din que un restaurante non presenta problemas, polo que se lle dixo ao veciño que se trataría con urxencia esto no Pleno.

A urxencia é aceptada por unanimidade dos membros do Pleno.

O Sr. Alcalde da conta da súa proposta.

O portavoz do PP anuncia que o seu grupo vaise abster.

O portavoz do BNG pide que se deixe sobre a mesa o asunto e se metan os informes técnicos e xurídicos pertinentes.





## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Non habendo mais intervencións se somete o asunto a votación, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 6 (PSOE).
- Votos en contra: 3 (BNG).
- Abstencións: 4 (PP).

Resultando aprobado o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar inicialmente a modificación da Disposición Adicional Sétima da Ordenanza Xeral Municipal Reguladora da Contaminación Acústica, que quedará redactada da seguinte maneira:

Para os efectos da concesión de licenzas, establécense como zonas saturadas, nas que non se concederán licenzas de actividade, a excepción das clasificadas como Grupo I no artigo 22 desta Ordenanza, as seguintes:

ZONA CENTRO, que comprenderá as seguintes vías:

Rúa Rego de Foz (entre Paseo Colón e Avda. Breogán).

**Segundo.-** Someter dita modificación a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que podan presentar reclamacións ou suxerencias, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxerencias no mencionado prazo, se considerará aprobado definitivamente sen necesidade de Acordo expreso polo Pleno.

### 18.- CONTROL DA ACTIVIDADE DOS RESTANTES ÓRGANOS DA CORPORACIÓN:

#### **A.- RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA DITADAS DENDE O DÍA 24 XULLO AO 17 DE SETEMBRO DE 2010.**

Aos efectos previstos no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, se da conta ao Pleno da Corporación das Resolucións ditadas pola Alcaldía-Presidencia dende o 24 de xullo ao 17 de setembro de 2010 e que foron postas de manifesto á Secretaria, quedando enterados os señores asistentes.

#### **B.- MOCIÓNS.**

Non se presentan mocións de urxencia.

#### **C.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Antes de comezar con este apartado o Sr. Alcalde da conta das alegacións ao Plan POL. Asemade anuncia que se vai realizar unha concentración para reclamar para Foz unha residencia de anciáns, podéndose sumar todo aquel que o desexe.

ROGOS:

O PP realiza os seguintes rogos:

- 1) Que se recolla a terra caída en Pintor Raxeiro e que se limpen as demais rúas.

O Sr. Alcalde contéstalle que se están limpando tódalas rúas, na de Pintor Raxeiro é porque se está construindo, polo que o ten que facer o constructor.



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

2) Que se pinten os cruces onde hai dúas direccións para a situación dos vehículos, por exemplo chegando ao Xoíña.

O Sr. Alcalde explica que a Deputación vai achegar unha cantidade de diñeiro para pintar e se van inverter 150.000 €; engade que ao falta a axuda da Xunta ten que estar socorrendo a Deputación.

3) Xa que a Deputación vai dar tantos cartos, a ver se pintan as sinais en Vilaxoane, na estrada que vai a San Martiño.

O Sr. Alcalde respóndelle que precisamente colaborou para que os veciños cedesen e hai un membro do Pp que non quere ceder e quedará iso así, o importante é que se trataba de unha obra que non tiña terreos e o Alcalde foi casa por casa para recoller as cesións e é unha vergoña para Vilaxoane que quede iso así. Conclúe dicíndolle ao portavoz do PP que a ver se convence a esa persoa que falta.

O portavoz do PP lle di que non lle quepa dúbida.

4) Que se pinte o paso peonil en Vilaxoane.

O Sr. Alcalde respóndelle que se non hai diñeiro quere que despois non se aprobe no Pleno un recoñecemento extraxudicial coas facturas.

5) Que se adecente o paseo da ponte vella de ferro ata a depuradora.

O Sr. Alcalde explica que foi a Madrid a conseguir dez millóns para a ponte de ferro e a Pampillosa.

6) Que se limpen na carreteira LU-2002 que non se roza dende que ven o Ministro.

O Sr. Alcalde respóndelle que hai un acordo coa Deputación de que se limpe unha vez ao ano.

7) Arranxar a pista que vai do Cariter a Casa Novas en San Martiño.

### PREGUNTAS:

O portavoz do PP realiza as seguintes preguntas:

1) ¿Onde está a ordenanza de ocupación do dominio público que está dende maio sobre a mesa?

O Sr. Alcalde respóndelle que a están mirando porque é complicado.

2) ¿Non habería outro local para a asociación Virxe do Carme?

O Sr. Alcalde di que a eses nenos os está subvencionando o Concello, polo que se o PP consegue un local da Xunta sería un detalle, por exemplo a Casa do Mar, que xa está pedida.

3) ¿Cando entran en funcionamento os contenedores soterrados?

O Sr. Alcalde respóndelle que cando remate o contrato, están incluídos no Plan E e o contratista ten os seus prazos.

4) ¿Por que se apaga tarde o campo da Cabana?

O portavoz do BNG realiza a seguinte pregunta:



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

1) ¿Foron limpar na Casa Novas o tubo?

O Sr. Alcalde di que si.

E non sendo máis os asuntos a tratar, levántase a sesión cando son as 22:55 horas do día trinta de setembro de 2010, do que como secretaria dou fe e certifico.

Vº Bº  
O Alcalde,

Asdo.: José María García Rivera.

